



**BACHIBAC**

**IESP XOSÉ NEIRA VILAS**

**2021-2022**

## **INTRODUCCIÓN**

### **PROGRAMA DE DOBRE TITULACIÓN BACHAREL-BACCALAURÉAT**

O Programa de dobre titulación Bacharel-Baccalauréat nace a partir do Acordo entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa relativo á dobre titulación de Bacharel e de Baccalauréat. Trátase dun programa de dobre titulación: o alumnado pode alcanzar simultaneamente os dous títulos nacionais, dándolle acceso tanto en España como en Francia, a estudos superiores e á actividade laboral.

Este programa comezouse a implantar no curso 2010/11, ampliándose desde entón a 29 centros educativos en diferentes comunidades.

## NORMATIVA

Páxina web de referencia coa normativa:

<http://www.educacionyfp.gob.es/mc/bachibac/normativa.html>

1. BOE 08/07/2009.- Acuerdo entre el Gobierno del Reino de España y el Gobierno de la República Francesa relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat, hecho «ad referendum» en París el 10 de enero de 2008. .
2. BOE 12/03/2010.- Real Decreto 102/2010, de 5 de febrero, por el que se regula la ordenación de las enseñanzas acogidas al acuerdo entre el Gobierno de España y el Gobierno de Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles.
3. BOE 07/08/2010.- Orden EDU/2157/2010, de 30 de julio, por la que se regula el currículo mixto de las enseñanzas acogidas al Acuerdo entre el Gobierno de España y el Gobierno de Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles, así como los requisitos para su obtención.
4. BOE 04/11/2010.- Resolución de 22 de octubre de 2010, de la Secretaría de Estado de Educación y Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachiller-Baccalauréat correspondientes al curso 2010- 2011.
7. BOE 14/06/2011.- Resolución de 25 de mayo de 2011, de la Secretaría de Estado de Educación y Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachiller-Baccalauréat correspondientes al curso 2011- 2012.
8. BOE.-29/10/2012.-Resolución de 24 de Septiembre de 2012,de la Secretaria de Etsado de Educación,Formación Profesional y Universidades,por las que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachillerato-Baccalauréat correspondiente al curso 2012-2013.
9. BOE.- 29/10/201410160 Resolución de 30 de septiembre de 2014, de la Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades, por la que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachiller-Baccalauréat correspondientes al curso 2014-2015.
10. Orden ECD/1961/2015, de 24 de septiembre, por la que se modifica la Orden EDU/2157/2010, de 30 de julio, por la que se regula el currículo mixto de las enseñanzas acogidas al Acuerdo entre

el Gobierno de España y el Gobierno de Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles, así como los requisitos para su obtención .

11. Resolución de 21 de septiembre de 2020, de la Secretaría de Estado de Educación, por la que se dictan instrucciones relativas al programa de doble titulación Bachiller-Baccalauréat correspondientes al curso 2020-2021.

## REQUISITOS PARA ACCEDER AO PROGRAMA

Para acceder ao programa, o alumno deberá cumprir polo menos un deste tres requisitos e acreditálos

- Efectuar toda ou parte da escolaridade obrigatoria no sistema educativo dun país de lingua francesa.
- Poder acreditar un nivel equivalente ao B1 do Marco común europeo de referencia para as linguas.
- Cursar a ESO nunha sección bilingüe hispano-francesa.

## CONDICIÓNS DO PROGRAMA

- Un terzo do horario lectivo debe impartirse en lingua francesa. Iso suporá un incremento do horario lectivo (33 horas en 1º de Bacharelato, 34 horas en 2º).
- Materias en francés: Lingua e Literatura Francesas e Historia de Francia, que se integrará na parte correspondente da materia Historia de España.
- Proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto ao final do segundo curso de Bacharelato.

## DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA NO IESP XOSÉ NEIRA VILAS

- 1º DE BACHARELATO

Lingua e Literatura francesas (6 horas semanais)

Lingua e Literatura Francesa I

1ª Lingua estranxeira

Iniciación á Literatura de Francia

Cultura Científica (2 horas)

Iniciación á Historia de Francia

- 2º de BACHARELATO

Lingua e Literatura francesas (5 horas)

Lingua Francesa II

Literatura Francesa II

Afondamento de Literatura Francesa II

Historia de España e de Francia (5 horas)

## **PROBA EXTERNA**

A proba externa realízase ao final de 2º de Bacharelato a principios de maio no seu instituto.

A cualificación global da proba externa do Baccalauréat será válida cando se superaron todas as materias do Bacharelato.

### Lingua e Literatura Francesas.

Proba escrita:

1ª Parte 2 horas: comentario de texto (250 palabras máximo).

2ª Parte 2 horas: composición /ensaio a partir dun texto do século XIX, XX ou XI (300 palabras máximo).

Proba oral:

1ª Parte 20 minutos: preparación dun tema en relación cun tema de bacharelato.

2ª Parte 20 minutos: monólogo e conversación sobre un tema preparado previamente.

### Historia de España e de Francia.

Proba escrita:

1ª Parte 2 horas: Comentario a partir dun texto segundo o currículo de 2º de Bacharelato.

2ª Parte 2 horas: Desenvolvemento dun tema.

Para superar a proba externa será necesario obter, como mínimo, unha nota media igual ou superior a 5 puntos na cualificación global, e unha nota igual ou superior a 5 puntos na proba específica de Lingua e Literatura Francesas.

A cualificación final para a obtención do título de Baccalauréat será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Cualificación do Bac} = \text{NMB} \times 0,7 + \text{CGPE} \times 0,3$$

*NMB=Nota Media do Bacharelato*

*CGPE= Cualificación Global da Proba Externa*

Que hai que facer para conseguir os dous títulos?

Aprobar a proba externa Bachibac e 2º Bacharelato.

Que pasa se non aprobo a proba externa?

Non me outorgan o baccalauréat francés, pero consigo o título de bacharel español. Neste caso, tereime que presentar á fase obrigatoria da EBAU

Que pasa se aprobo a proba externa, pero non aprobo 2º Bacharelato?

Non consigo ningún título, pero podo volver matricularme o curso seguinte.

## **ACCESO Á UNIVERSIDADE**

O alumnado que ten o título de Baccalauréat está exento de realizar a fase xeral da proba de acceso á universidade, dado que cumpre cos requisitos académicos esixidos no seu sistema educativo para acceder ás súas universidades. Pode, no entanto, presentarse a ela para mellorar a cualificación que figura na súa credencial (realizando a fase xeral). Nas mesmas condicións que o resto do alumnado poden, ademais, mellorar esta nota de admisión, presentándose á fase específica da proba. Unha vez termine as probas deberá concorrer aos procesos de admisión por un único sistema de acceso.

O alumno pode presentarse por diferentes accesos, Bacharelato español, Baccalauréat francés, podendo, por tanto, presentarse á fase xeral e á fase específica ou á fase específica só, ou a ningunha, e podendo ser admitido na universidade por unha soa vía

Nota para entrar na universidade:

Bacharelato clásico

Nota media de Bacharelato (1º e 2º) 60%

Nota ABAU40%

Bachibac

Nota media de Bacharelato (1º e 2º) 70%

Nota Proba externa 30%



## **PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA EN BACHIBAC**

Xosé Antón García González

1º de BACHIBAC

Cultura Científica

2º de BACHIBAC

Historia de España e Francia

Mercedes López-Mayán Navarrete

1º de BACHIBAC

Iniciación á Historia de Francia.

2º de BACHIBAC

Historia de España e Francia.

Blanca Riestra Rodríguez-Losada

1º de BACHIBAC

Lingua e Literatura Francesa I

1ª Lingua estranxeira

Iniciación á Literatura de Francia

2º de BACHIBAC

Lingua Francesa II

1ª Lingua estranxeira

Literatura Francesa II

Afondamento de Literatura Francesa II

## **CURRÍCULO MIXTO**

As materias específicas do currículo mixto que deben cursar os alumnos españois no programa Bachibac son Lingua e Literatura Francesas e Historia de España e Francia, esta última, cursada no marco da materia de Historia de España de 2º de Bacharelato. Ambas se imparten en francés na súa totalidade e sobre os seus contidos versa a proba externa para a obtención do Baccalauréat. Espérase que os alumnos e alumnas adquiren, mercé ao currículo mixto, un nivel de francés equivalente ao B2 do MCERL, como mínimo, á vez que se familiarizan e fan seus uns métodos de traballo que levan unha maior autonomía persoal.

### **1. Lingua e Literatura Francesa**

#### Obxectivos

Os obxectivos específicos do ensino da Lingua e cultura francesas, para os alumnos que optan á dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat son:

1. Alcanzar o nivel de usuario independente avanzado (B2 do MCERL),
2. Coñecer a literatura e a cultura francesas e de países francófonos,
3. Adquirir unhas competencias comunicativas e uns métodos de traballo.

Esta materia do currículo mixto transcende a estrita aprendizaxe lingüística, xa que se propón como obxectivo formar ao alumnado desde unha perspectiva global que favoreza o respecto e a comunicación intercultural.

O ensino da Lingua e a literatura francesas nos dous anos do bacharelato concíbese como unha unidade pedagóxica.

Ao longo do primeiro curso, a aprendizaxe deberá estar dirixido fundamentalmente cara á práctica e a ampliación das competencias lingüísticas. Con esta perspectiva o profesor abordará os puntos enumerados a continuación. A progresión terá en conta que se trata dunha lingua viva estranxeira e que é necesario consolidar o aprendido na etapa anterior. Ao longo destes dous anos o obxectivo fundamental será desenvolver e profundar os coñecementos e as competencias lingüísticas.

O contacto continuado coa literatura en francés é un instrumento esencial para alcanzar os coñecementos necesarios para o dominio da lingua francesa.

O achegamento á lingua e a literatura francesas configúrase ao redor dun tema monográfico, coa axuda dunhas lecturas seleccionadas pola súa idoneidade para o conxunto do alumnado Bachibac.

Tema de estudo de Lingua e Literatura Francesas para as probas do Baccalauréat de 2021 e 2022:

**«L'Éducation».**

As dúas obras literarias que desenvolven devandito tema para a segunda parte do exercicio escrito da proba externa de Lingua e Literatura Francesas son: ***Balzac et la Petite Tailleuse chinoise*, de Dai Sijie e *Chagrin décole*, de Daniel Pennac.**

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliable figuran nas seguintes ordes.

ANEXO I – A da [Orden EDU/2157/2010](#), de 30 de julio, por la que se regula el currículo mixto de las enseñanzas acogidas al Acuerdo entre el Gobierno de España y el Gobierno de Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles, así como los requisitos para su obtención.

[Orden ECD/1961/2015](#)[Enlace externo, se abre en ventana nueva](#), de 24 de septiembre, por la que se modifica la Orden EDU/2157/2010, de 30 de julio, por la que se regula el currículo mixto de las enseñanzas acogidas al Acuerdo entre el Gobierno de España y el Gobierno de Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles, así como los requisitos para su obtención.

## **2. Historia de España e de Francia**

Esta materia aborda unha visión conxunta da historia recente de España e Francia dentro duns límites cronolóxicos que, no que respecta á proba externa, comprenden desde mediados do século XIX até os nosos días.

Paulatinamente, os alumnos e alumnas van adquirindo os recursos necesarios para analizar e comentar os acontecementos da historia de España e Francia a partir de documentos orixinais.

Por iso, sen desatender os contidos propios da materia de Historia de España de 2º de Bacharelato, o estudo en paralelo da historia de Francia que leva a cabo proporciona ao alumnado do programa Bachibac unha comprensión profunda do mundo de hoxe.

### Obxectivos

Os obxectivos expostos para o estudo da Historia de España deberán ser completados cos requiridos para o estudo da historia de Francia. Son os seguintes:

1. Identificar os procesos, estruturas e acontecementos máis relevantes da historia de Francia desde mediados do século XIX até os nosos días, valorando as súas repercusións na configuración da Francia actual.
2. Coñecer e comprender os procesos máis relevantes que configuran a historia de España e de Francia contemporáneas, identificando interrelacións entre feitos políticos, económicos, sociais e culturais, e as relacións entre ambos os países, analizando os factores que as conformaron.
3. Fomentar unha visión integradora da historia común de Francia e de España, que respecte e valore tanto os aspectos comúns como as particularidades específicas e que xere actitudes de tolerancia e solidariedade entre ambos os pobos.
4. Coñecer as normas básicas que regulan o ordenamento constitucional español e francés, promovendo tanto o compromiso individual e colectivo coas institucións democráticas, como a toma de conciencia ante os problemas sociais, en especial os relacionados cos dereitos humanos.

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliable figuran nas seguintes ordes.

ANEXO I – B da [Orden EDU/2157/2010](#), de 30 de julio, por la que se regula el currículo mixto de las enseñanzas acogidas al Acuerdo entre el Gobierno de España y el Gobierno de Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles, así como los requisitos para su obtención.

[Orden ECD/1961/2015](#) [Enlace externo, se abre en ventana nueva](#), de 24 de septiembre, por la que se modifica la Orden EDU/2157/2010, de 30 de julio, por la que se regula el currículo mixto de las enseñanzas acogidas al Acuerdo entre el Gobierno de España y el Gobierno de

Francia relativo a la doble titulación de Bachiller y de Baccalauréat en centros docentes españoles, así como los requisitos para su obtención.

## MATERIAS

### CULTURA CIENTÍFICA. BACHIBAC 1:

#### Contidos:

A programación desta materia específica axustarase aos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave establecidas no Decreto 86/2015, de 25 de xuño.

Especialmente, faremos fincapé nos seguintes contidos:

#### BLOQUE 0: PROCEDEMENTOS DE TRABALLO

- 1.- A comunicación en ciencia e tecnoloxía: o artigo científico.
- 2.- Ciencia, tecnoloxía e sociedade: perspectiva histórica.

#### BLOQUE 1: O UNIVERSO

- 1.- Bases da cosmoloxía contemporánea.
- 2.- Do Big Bang ás teorías do multiverso.

#### BLOQUE 2: A TERRA E A VIDA

- 1.- Orixe e formación da Terra: deriva continental e tectónica de placas.
- 2.- Vulcanismo e terremotos.
- 3.- Orixe da vida na Terra.
- 4.- A evolución a debate: Do fixismo ao evolucionismo. Teorías científicas e pseudocientíficas sobre a evolución.
- 5.- A evolución do ser humano.

#### BLOQUE 3: AVANCES EN BIOMEDICINA

- 1.- Evolución histórica da investigación médica e farmacéutica.
- 2.- Últimos avances en medicina.

#### BLOQUE 4: A REVOLUCIÓN XENÉTICA

- 1.- Tecnoloxías de ADN recombinante e enxeñaría xenética.
- 2.- Revolución xenética. Xenoma humano.
- 3.- Técnicas de reprodución asistida.
- 4.- Células nai e clonación.

5.- Bioética.

#### BLOQUE 5: TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

- 1.- Incorporación da tecnoloxía dixital á vida cotiá.
- 2.- Vantaxes e inconvenientes da evolución tecnolóxica. Consumismo e novas tecnoloxías.
- 3.- Internet na vida cotiá.

#### Estándares de aprendizaxe:

Valoraranse especificamente os seguintes estándares de aprendizaxe:

- Analizar o contido de textos científicos de xeito crítico.
- Presentar información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como Internet.
- Analizar o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade.
- Comentar artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas.
- Xustificar a teoría da deriva continental a partir de probas xeográficas, paleontolóxicas, xeolóxicas e paleoclimáticas.
- Utilizar a teoría da tectónica de placas para explicar a expansión do fondo oceánico e a actividade sísmica e volcánica nos bordos das placas.
- Coñecer e explicar as teorías sobre as orixes da vida na Terra.
- Describir as probas biolóxicas, paleontolóxicas e moleculares que apoian a teoría da evolución das especies.
- Enfrontar as teorías de Darwin e Lamarck para explicar a selección natural.
- Enfrontar o neodarwinismo coas explicacións non científicas sobre a evolución.
- Coñecer a evolución histórica dos métodos de diagnóstico e tratamento das doenzas.
- Establecer a existencia de tratamentos alternativos á medicina tradicional.
- Describir o proceso que segue a industria farmacéutica para descubrir, desenvolver, ensaiar e comercializar os fármacos.

- Coñecer e explicar o desenvolvemento histórico dos estudos levados a cabo dentro do campo da xenética.
- Coñecer e explicar a forma en que se codifica a información xenética do ADN, xustificando a necesidade de obter o xenoma completo dun individuo e descifrar o seu significado.
- Describir e analizar as aplicacións da enxeñaría xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.
- Establecer as repercusións sociais e económicas da reprodución asistida e a selección e conservación de embrións.
- Describir e analizar as posibilidades que ofrece a clonación.
- Explicar as vantaxes e inconvenientes dos alimentos transxénicos, razoando a conveniencia ou non do seu uso.
- Recoñecer a evolución histórica do computador en termos de tamaño e capacidade de proceso.
- Explicar como se almacena a información en diferentes formatos físicos, tales como discos duros, discos ópticos e memorias.
- Explicar como se establece a posición sobre a superficie terrestre coa información recibida dos sistemas de satélite.
- Establecer e describir a infraestrutura básica que require o uso da telefonía móbil.
- Valorar de xeito crítico a constante evolución tecnolóxica e o consumismo que orixina na nosa sociedade.
- Sinalar as implicacións sociais do desenvolvemento tecnolóxi





### Metodoloxía:

A metodoloxía de aula fomentará netamente a participación oral e escrita do alumnado, en lingua francesa, como xeito de apoio ás aprendizaxes de vocabulario e metodoloxías de traballo esixibles no proxecto Bachibac, que inclúen “essais” (ensaios) e argumentacións orais.

Para o desenvolvemento desta metodoloxía activa, o alumnado verase sometido á participación continua en varias actividades reguladas:

1) **“A frase da semana”**, cita científica en relación co contido ou estándar de aprendizaxe elixido para cada semana, co obxecto de expresar oralmente os coñecementos adquiridos sobre a temática proposta. Ás veces, esta actividade poderá adoptar o formato de debate, para o que cada grupo de alumnas/os defenderá unha postura determinada -acorde coa información que deba rastrexar na rede- sobre o tema proposto. Estas actividades poderán ir acompañadas da resolucións de **quizz online** que o profesor preparará ex-profeso.

2) **“Os vídeos explicativos”**, actividade consistente na argumentación oral individual de cada alumna/o sobre un contido do programa en cuestión, tamén cunha periodicidade semanal. Trátase de vídeos curtos que promoven, unha vez máis, a aprendizaxe en lingua estranxeira e a necesidade de comunicación oral de ideas adquiridas.

3) **“As redaccións teóricas”**, realizables sobre un tema concreto, proposto cada mes, e no que se atenderá a afondar na metodoloxía do “essai” necesaria para a argumentación no Bachibac francés. A entrega individual destes temas teóricos terá lugar a través da aula virtual habilitada ao efecto.

A participación do alumnado, coa finalidade de superar os contidos e estándares propostos, deberá ser activa e continua, e a tal efecto é o obxecto de valoración preferencial por parte do profesor.

Criterios de avaliación:

Para superar a materia é imprescindible a participación activa e continua do alumnado en todas as actividades propostas.

De faltar a realización de algunha das tarefas propostas, o alumnado pendente deberá someterse a unha proba final escrita e oral en torno aos aspectos dos contidos ou estándares de aprendizaxe non superados ao longo do curso. Este mesmo criterio establécese no caso de ser precisa a avaliación extraordinaria do alumnado.

## **INICIACIÓN Á HISTORIA DE FRANCIA. BACHIBAC 1:**

### Contidos:

De acordo co establecido na Orde ECD/1961/2015, de 14 de setemro, pola que se modifica a Orde EDU/2157/2010, de 300 de xullo, pola que se regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de Baccalauréat en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención, o estudo da historia de España e de Francia constitúe un elemento fundamental no currículo mixto. Por iso, as ensinanzas que conducen á dobre titulación deben integrar no currículo de Historia de España os aspectos máis relevantes que configuran a Historia contemporánea de Francia.

En concreto, no bloque 3, Historia de España e de Francia dende o século XIX ata os nosos días, a citada Orde establece a ensinanza dos seguintes contidos de Historia de España e Francia:

3.1 A evolución política de España desde mediados do século XIX aos anos 1930.

3.2 España desde o final da Guerra Civil (1939) aos nosos días.

3.3 A evolución política de Francia, da búsqueda dun réxime político á III República (1848 a 1944):

3.3.1 Da Segunda República (1848) a 1879: en busca dun réxime político.

3.3.2 A consolidación da República (1879-1914).

3.3.3 A crise multiforme da Francia dos anos 1930.

3.3.4 Francia na Segunda Guerra Mundial.

3.4 Francia desde 1945 aos nosos días:

3.4.1 A evolución política.

3.4.2 Economía, sociedade e cultura.

3.4.3 Francia en Europa e no mundo.

Dada a amplitude e densidade dos contidos sinalados, a materia de **Iniciación á Historia de Francia de Bachibac 1** plantéxase como a ocasión para comezar o ensino-aprendizaxe da parte especificamente referida á Historia de Francia, que terá a súa continuidade na materia de Historia de España e Francia de Bachibac 2. Por iso, o temario desta materia inclúe as seguintes unidades:

- 1) A Segunda República (1848-1852).
- 2) O Segundo Imperio (1852-1870).
- 3) Os inicios da Terceira República (1870-1914).
- 4) Francia durante a Primeira Guerra Mundial (1914-1918).
- 5) A Francia de Entreguerras (1919-1939).

#### Obxectivos:

- Identificar os procesos, estruturas e acontecementos máis relevantes da historia de Francia dende mediados do século XIX ata o período de Entreguerras.
- Coñecer e comprender os procesos máis relevantes que configuran a historia contemporánea de Francia, identificando as interrelacións entre feitos políticos, económicos, sociais e culturais.
- Coñecer as normas básicas que regulan o ordenamento constitucional francés e a súa orixe, promovendo tanto o compromiso individual e colectivo coas institucións democráticas, como a toma de conciencia ante os problemas sociais, en especial os relacionados cos dereitos humanos.

#### Metodoloxía e materiais didácticos:

O estudo dos contidos da Historia de Francia implica a introdución de elementos da metodoloxía propia do sistema educativo de Francia e da **metodoloxía AICLE**. Este enfoque permitirá ao alumnado mellorar a súa competencia lingüística en lingua

francesa, contribuíndo a alcanzar o nivel axeitado para poder realizar en francés a proba externa necesaria para a obtención da dobre titulación.

En coherencia con isto, buscarase sempre unha metodoloxía **activa e significativa**, que fomente as competencias claves do currículo do ensino secundario en Galicia e que beneficie ao alumnado. Especial atención porase no traballo dos tipos de actividades que conforman a proba externa da materia de Historia de España e Francia, **comentario de documentos e ensaio histórico**, para que desde o primeiro curso de Bachibac o alumnado adquiera as destrezas necesarias para enfocalos correctamente e superar a proba externa.

Como materiais didácticos, empregaranse os **materiais de elaboración propia** creados pola profesora Mercedes López-Mayán Navarrete, compartidos a través de padlets específicos, así como a **aula virtual** correspondente, deseñada desde o principio de curso en aplicación do protocolo de actuación perante a Covid-19.

#### Criterios de avaliación:

A cualificación do alumnado en cada trimestre é o resultado das cualificacións das probas escritas (75%) e da realización de traballos (25%):

- Dous exames por avaliación, dos cales un seguirá o modelo de exercicios da proba externa (“commentaire des documents” ou “essai historique”) para favorecer a preparación do alumnado (75% da cualificación final de cada avaliación).
- Realización de traballos (comentarios de documentos, ensaios, exposicións orais, actividades audiovisuais, etc.) (25% da cualificación final de cada avaliación).

A cualificación final da materia será o resultado da media aritmética das cualificacións trimestrais.

Ao final de cada avaliación, o alumnado que non lograse aprobar a materia terá a posibilidade de facer a correspondente recuperación, a través dun exame que suporá o 75% da nota da recuperación (máis o 25% correspondente aos traballos desa avaliación)

En caso de que o alumnado non supere a materia na avaliación ordinaria, a avaliación extraordinaria incluírá un exame sobre a materia do curso académico.

## INICIACIÓN LITERATURA DE FRANCIA EN BACHIBAC 1

### Obxectivos

Tal e como se establece nos obxectivos do anexo I-B da Orden EDU/2157/2010, publicada no BOE de 7 de agosto de 2010, na materia de Iniciación da Lingua e cultura francesas, para os alumnos que optan á dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat son:

- Acadar o nivel de usuario independente avanzado ( B2 do MCERL),
- Coñecer a literatura e a cultura francesas e de países francófonos,
- Adquirir unhas competencias comunicativas e uns métodos de traballo

Ao longo do curso, o profesor velará polo desenvolvemento individual e colectivo das competencias que favorezan:

- A comprensión e a interpretación de textos e de documentos de épocas e de xéneros variados.
- A produción de textos de xéneros e de rexistros variados..
- Fomentarase a lectura: as lecturas abundantes e variadas son indispensables

O ensino da Lingua e a literatura francesas nos dous anos do bacharelato concíbese como unha unidade pedagóxica

O estudo dos textos organizarase mediante a selección que veñen indicados no BOE de 7 de agosto de 2010. Prestarase un interese particular á lectura dos textos dos séculos XIX, XX e XXI (poderanse recomendar os últimos premios literarios, por exemplo, o « Goncourt deas lycéens»). En función das obras estudadas, engadiranse algunhas manifestacións artísticas emblemáticas: Degas, Toulouse-Lautrec, Gauguin, Matisse, Monet, Manet, Van Gogh, Rodin, Camille Claudel, Satie, cinema francés, cómic francés, belga... Tamén poderán traballarse de maneira contrastada fragmentos de obras

francesas e españolas co fin de coñecer as influencias, semellanzas e diferenzas entre ambas as culturas, tanto en literatura como en pintura, escultura, arquitectura, música, cinema, cómic...

### Obxectivos específicos

- Descubrir autores relevantes
- Iniciarse á lectura de textos literarios e históricos
- Comprender de maneira moi somera os procedementos literarios e as fontes históricas utilizados
- Enriquecer o seu vocabulario
- Practicar e mellorar a catro competencias de cara á preparación da Proba Externa Bachibac

### Proposta metodolóxica

Por norma xeral, en Literatura de Francia presentaremos autores actuais e susceptibles de ser materia de exame a Proba Externa a partir de pequenas biografías xa sexan por escrito o explicadas polo profesor de maneira oral.

Ademais, traballarase a lectura do texto correspondente con preguntas relacionadas co mesmo para a práctica da Competencia da Produción Oral , similares ás da Proba Externa e unha vez analizado o texto (Competencia da Comprensión Escrita) pasaremos á Produción Escrita en maneira de “Artigo de Opinión” como primeiro paso para poder chegar ao Essai Littéraire e á Redacción que terán que facer na Proba Externa – Competencia da produción Escrita Ademais, canto aos documentos históricos, o alumnado traballará tamén o comentario de documentos que a proba final de Bachibac esixe.

Sobre a metodoloxía destacar as indicacións do Institut Français :

- Non traballar somentes o escrito : facer exposicións, debates, clases interactivas
- Integrar as actividades que poñan en práctica as competencias lingüísticas , entre outras: - lectura-comprensión - traballo sobre léxico - resúmenes

- Obrigar ao alumnado a facer sempre un borrador.

### Avaliación

Avaliación deste materia faráse a partir dos “traballos prácticos” que serán considerados como unha das actividades fundamentais na mesma; permitirannos un coñecemento vivencial da mesma e permitirán a asimilación dos conceptos estudados nas clases teóricas e ademais permitirán dotar ao alumnado de poñer en práctica todo o aprendido ; doutra banda contribuirán a desenvolver actitudes de planificación, orde, limpeza e seguridade.

Este tipo de actividades estarán directamente relacionados coa Proba Externa de fin de Bachibac.

É moi importante que nos traballos prácticos se reflecta:

- A estrutura do “essai à la française”: Introduction – Développement – Conclusion
- As ideas de forma clara e precisa, que manifeste unha correlación entre a hipótese plantexada e a ou as conclusións
- Plantexamento ordenado e claro e todo iso con argumentos pertinentes.

A cualificación do alumnado en cada trimestre é o resultado das cualificacións das probas escritas (75%) e da realización de traballos (25%):

- Dous exames por avaliación, dos cales un seguirá o modelo de exercicios da proba externa (“commentaire des documents” ou “essai historique”) para favorecer a preparación do alumnado (75% da cualificación final de cada avaliación).
- Realización de traballos (comentarios de documentos, ensaios, exposicións orais, actividades audiovisuais, etc.) (25% da cualificación final de cada avaliación).

A cualificación final da materia será o resultado da media aritmética das cualificacións trimestrais.



Ao final de cada avaliación, o alumnado que non lograse aprobar a materia terá a posibilidade de facer a correspondente recuperación, a través dun exame que suporá o 75% da nota da recuperación (máis o 25% correspondente aos traballos desa avaliación)

En caso de que o alumnado non supere a materia na avaliación ordinaria, a avaliación extraordinaria incluírá un exame sobre a materia do curso académico.

En caso de que o alumnado non entregue os devanditos traballos, terá dereito a un exame no que se porá en práctica a mesma metodoloxía que se traballa na aula. Idéntico recurso será o utilizado en caso de que o alumnado non acade os obxectivos da materia, na proba extraordinaria de setembro.

## AFONDAMENTO DE LITERATURA FRANCESA EN BACHIBAC 2

Esta materia ten como finalidade preparar a segunda parte da proba externa escrita de Lingua y Literatura Francesas, que consiste na elaboración dun ensaio, de 300 palabras como máximo, sobre un dos temas de estudo fixados cada dous anos pola Comisión de seguimento, a partir do programa de literatura relativo ás obras e autores dos séculos XIX, XX e XXI.

O sentido deste exercicio é a elaboración dun texto de carácter argumentativo, que permita percibir a madurez e o rigor na exposición das ideas do alumnado que concorre á proba. Non se trata, por tanto, dunha «dissertation» ao estilo do que é propio do alumnado francés nas súas probas de Baccalauréat.

Exemplos:

ANO 2020

**Deuxième partie. Essai (5 points)**

*Cette deuxième partie de l'exercice écrit de Langue et littérature françaises se compose d'une seule activité avec 2 sujets à choisir A ou B.*

**OPTION A/B**

*Rédigez un essai de 300 mots (+/-20%). On ne tiendra pas compte des possibles citations littérales des textes étudiés.*

*N'oubliez pas de rédiger une introduction, le développement de votre sujet et une conclusion, et de justifier vos affirmations.*

**OPTION A**

Dans quelle mesure l'argent détermine-t-il les rapports humains dans *Un barrage contre le Pacifique* ?

**OPTION B**

En quoi l'attente joue-t-elle un rôle important chez la famille protagoniste d'*Un barrage contre le Pacifique*, de Marguerite Duras, et chez Ahmed / Zahra dans *L'Enfant de sable*, de Tahar Ben Jelloun ?

ANO 2021

**DEUXIÈME PARTIE. ESSAI (5 points)**

Choisissez une seule option parmi les suivantes : A1, A2, B1 ou B2

*Rédigez un essai de 300 mots (+/-20%). On ne tiendra pas compte des possibles citations littérales des textes étudiés.*

*N'oubliez pas de rédiger une introduction, le développement de votre sujet et une conclusion, et de justifier vos affirmations.*

**OPTION A1**

À travers leurs romans, quels regards Daniel Pennac et Dai Sijie portent-ils sur l'éducation et le système éducatif?

**OPTION A2**

Selon vous, un professeur peut-il s'avérer essentiel dans le parcours scolaire et individuel d'un élève ? Comment pourrait-il l'accompagner dans son « devenir » selon Daniel Pennac ?

**OPTION B1**

Dans quelle mesure peut-on affirmer que *Chagrin d'école* de Daniel Pennac et *Balzac et la Petite Tailleuse chinoise* de Dai Sijie sont des romans d'éducation et d'apprentissage ? Partagez-vous cette affirmation ?

**OPTION B2**

Dans *Balzac et la Petite Tailleuse chinoise* de Dai Sijie, la littérature joue un rôle essentiel dans l'éducation des personnages principaux. Montrez, par des exemples précis du texte, comment la littérature participe activement à l'éducation des personnages.

Cráterios de avaliación:

- Valorarase o coñecemento do tema das obras lidas: «L'Éducation» e as obras «Chagrin d'école», de Daniel Pennac e «Balzac et la Petite Tailleuse chinoise», de Dai Sijie.
- Valoraranse así mesmo a coherencia (organización do texto en introdución, desenvolvemento e conclusión), a cohesión textual, a adecuada expresión, a riqueza e pertinencia do vocabulario utilizado e a exposición e argumentación, no seu caso, de ideas propias.
- Terase en conta a corrección gramatical, ortografía e puntuación.

Esta materia non terá cualificación e avaliarase dentro da materia de Lingua e literatura Francesa II (consultar a programación de 1º de Bach do Departamento de Francés).